

Editorial

E... ¿como non?, de novo volve saí-lo SAUDIÑA cara á escola: cara ás e ós profesionais da comunidade educativa que aquí en Galicia, e agora, están a facer posible a escola universal na que se constrúen, día a día do curso escolar, os alicerces do nivel educativo da nosa cidadanía, do presente e do futuro.

A verdade é que a redacción do Saudiña goza de moi boa saúde. O último chamamento ó profesorado para editar un número do Saudiña, vehiculizado a través das asesorías de tódolos centros de formación e recursos, acadou artigos, fotos, e notas abundas para dous números deste modesto pero digno periódico, ocupado na divulgación das experiencias pedagóxicas e recursos didácticos que veñen sendo útiles para o desenvolvemento dos eixos transversais do currículo, así como os efectos que provoca a transmisión e práctica de determinados valores nos centros, que explicita claramente o ata o de agora chamado, currículo oculto.

Este labor de explicitación estase a facer, como ben demostra o feito comentado do crecemento dos artigos remitidos, aínda que non coa lixeireza desexable no ritmo de xeralización destas experiencias educativas innovadoras. Ben é certo, tamén, que cómpre un maior compromiso, implicación e apoio interno ás áreas transversais e ós valores manexados, desde as direccións, os claustros, as familias e o alumnado. Faise necesario, ademais, contar con compromiso, implicación e apoio externos, prestados dende a comunidade local na que vive cada escola —concellos, servizos sociais e sanitarios, asociacións e organizacións cidadás, empresas, medios de comunicación, teñen moi bo papel que xogar no currículo transversal do centro—.

Sexamos realistas: para triunfar pedagóxicamente e poder lograr obxectivos de proxecto educativo e curricular en áreas transversais, é preciso que a comunidade educativa dispoña dunha alta calidade na planificación e na xestión do proceso educativo, ademais da concorrencia dunha alta calidade técnico-profesional dotada dos recursos máis adecuados, tanto aqueles accesibles e subministrados a través das novas tecnoloxías da información e comunicación, como os de carácter máis xeral no marco das instalacións e funxibles utilizados, así como da organización da seguridade e do confort construídos entre todos.


As achegas recibidas para confecciona-lo SAUDIÑA que tes nas mans, permiten afirmar que habita nas escolas un novo, progresivo e poderoso movemento pedagóxico e didáctico, de anovamento e preocupación pola explicitación e práctica da transversalidade curricular, como ben demostran os contidos recollidos neste número: unha transversalidade crecentemente multiárea, onde se entremesturan ou se enfatizan intencionadamente, dende o consumo nun desenvolvemento sustentable de calidade, ata o coidado da saúde, do contorno, da calidade das alternativas de ocio, da ordenación da complexa circulación vial que nos envolve, e da prevención de accidentes de todo tipo nas respectivas instalacións e ocupacións nas que vivimos as persoas, sen deixar atrás os valores sociais e culturais que rexen as interaccións persoais e grupais, elementos todos eles tan esenciais na abordaxe e desenvolvemento da transversalidade. Afortunadamente, novos coñecementos, crecentes recursos e novas tecnoloxías, impulsan este imparabile proceso nas escolas de Galicia.


Os criterios que rexeron a selección de contidos foron: a relación directa cos eixos transversais, a concreción das ideas expostas, o carácter innovador ou a formulación novidosa con interese para o profesorado, así como os avances cara ós conceptos de comunidade e sociedade educadoras na que converxen e se coordinan varias institucións, fronte ás accións individuais sen máis obxectivo que o protagonismo da institución que as promove, entendendo que a misión do Saudiña é a de exemplificar tratamentos sempre integradores e nunca aditivos, fuxindo daqueles episodios, atomizados, parcelados ou efemerizantes.

Que se desfrute da lectura deste SAUDIÑA, que se poida provoca-lo desexo de poñer cousas en práctica na escola de Galicia, que se conecten e ordenen algunhas ideas en torno á práctica da transversalidade curricular, que en abril do vindeiro ano saia un novo número de Saudiña, son frases que ben poden expresa-lo sentimento colectivo do equipo de redacción, quen aproveita con san descaro esta ocasión para solicita-la máis ampla participación do profesorado na creación cooperativa que representa este periódico, que... ¿como non?, sae cando ten que saír, cara ó destino do que nace: o esforzo continuado por mellora-la calidade das escolas de Galicia.

Sumario

| | |
|---|----|
| Entrevista a Fernando Márquez | 2 |
| Un cambio de materiais... ¿un cambio máis profundo? | 4 |
| Certame europeo do consumidor novo | 5 |
| Estructura-lo currículo dende a transversalidade e a titoría. Convivencia de educación infantil | 6 |
| O verme larpeiro | 8 |
| A maqueta ferroviaria como recurso didáctico: do traballo tecnolóxico ó coñecemento da historia local | 10 |
| A multiculturalidade nas actividades escolares | 12 |
| Temas transversais na educación física | 14 |
| ¡Estamos de aniversario! | 14 |
| Recuperación e uso didáctico dunha charca na área da Xunqueira do Lérez | 15 |
| O Anel | 18 |
| "Encontros lúdico-deportivos na escola". Por un deporte escolar máis educativo | 20 |
| "Tú mesmo con tu mecanismo" | 21 |
| "¿Festas...? Yes, please". | 22 |
| A transversalidade na área de lingua inglesa | 24 |
| O mundo do neno epiléptico na idade escolar | 24 |
| Cine e saúde | 25 |
| Expresión oral e transversalidade: unha experiencia en clases de lingua española | 28 |
| Museo de Pontevedra. O ferto educativa | 30 |
| Museo Provincial de Lugo. Un museo para todos | 30 |
| Curriculos integrados. A urxencia dunha revisión da cultura e do traballo nos centros escolares | 31 |
| Proxecto vidro | 32 |
| A auga no noso contorno | 34 |
| A prevención de accidentes na Educación infantil. Imos á praia | 36 |



**SAUDIÑA**

Nº 9 - Decembro de 2002

Edita

Xunta de Galicia

Consellería de Sanidade

Dirección Xeral de Saúde Pública

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Dirección Xeral de Ordenación Educativa e

Formación Profesional

Consellería de Industria e Comercio

Instituto Galego de Consumo

Tiraxe

25.000 exemplares

Consello de redacción

Angeles Abelleira Bardanca

José Luis Aboal Viñas

Esther Álvarez Fernández

Manuel Amigo Quintana

Milagros Blanco Pardo

José Manuel Coteló Amado

Manuel Barral Castro

Emilio Antonio García Fernández

José Graña Carrodegua

Julia González-Zaera Barreal

Josefina Mosquera Roel

M^a Jesús Muñoz Chesa

Aurora Pazos Feijoo

Florentina Peliquín Pérez

Marisé Pérez Mariño

M^a Pilar del Mar Pérez Marsó

Antonio Rivas Menéndez

Victor Tello Calvo

Juan Carlos Yürss Arruga

Colaboran neste número

María Isabel Abelleira Bardanca, Juan Aguilar Madrazo,

M^a Carmen Álvarez Casal, Santa Ameijeiras Marra,Begoña Ballesteros Furones, M^a Jesús Buitrago Rubira,

Carmen Rosa Calleja Sánchez, Amancio Delgado,

Colectivo Cholo e Nela 2002, Gemma M^a Delgado

Rodríguez, Juan Ramón Domínguez Cela,

M.^a Victoria Esteban Riesco, Ana Fernández Maestro,Rosa M^a Fernández Sánchez, José M^a González Cubelos,Luis Alberto González Díez, M^a Paz Gutiérrez Abella,

Carlos López, Carlos López Vidal, José A. Martínez,

José Antonio Martínez González, José Manuel Pazos

Riveiro, Ana Raquel Prieto García, Rosa Rey Amoedo,

Ángeles Rivela Machado, Modesto Rodríguez Centrón,

Antonio Rodríguez Fernández, Javier Foo. Rouco Ferreiro,

Jurjo Torres Santomé, Lourdes Varela Vázquez,

Paz Villar San Martín

Xestión da edición e distribución

Manuel Amigo, Julia González-Zaera,

Juan Carlos Yürss, Inés Sarceda


Deseño gráfico e coordinación de impresión

Permuy Asociados

ISSN: 1138-9117

Depósito legal: C-1937/93

A editorial non se fai responsable, en ningún caso, das opinións expresadas polos autores e autoras que asinan os artigos publicados.

 Impreso en papel ecolóxico

Entrevista a **Fernando Márquez**

Médico especialista en psiquiatría e experto en bioética

O fenómeno da incorporación masiva da muller ó traballo xunto coa revolución tecnolóxica que se está a vivir, provocan cambios de tal magnitude na familia, o traballo e o deleite do ocio que os patróns de control e educación que axudaban a orienta-la vida dos membros máis novos da sociedade, quedaron obsoletos ou están sufrindo cambios radicais.

Para que nos axude a darifica-las consecuencias que pode carrega-la nova situación para a saúde mental do alumnado que habita as nosas aulas, e por extensión, da comunidade educativa, conversamos con Fernando Márquez Gallego.

A historia da moderna psiquiatría galega é a historia de Fernando Márquez. Este psiquiatra vinculado coa educación a través de relacións familiares e de longa e profunda amizade con mestres e mestras que proceden dos movementos máis vangardistas da renovación pedagóxica, segue atento e inqueda as novas situacións que se están a producir nos centros.

¿Cre que as familias actualmente perden o control na educación dos seus fillos e fillas?

En ocasións pérdeno pero o máis frecuente e que non teñan claro cáles son ás súas funcións, as súas responsabilidades na educación dos seus fillos. Existe confusión respecto ó coñecemento do seu oficio de pais e depositan, de forma excesiva, as súas responsabilidades educativas en terceiras persoas (avós, cuidadores, mestres) ou en institucións (educativas, sociais...)

Na actualidade as familias tentan evitárlle-los problemas cotiás ós seus fillos. É dicir, a morte de familiares, así como as enfermidades e os problemas económicos, téntanse ocultar por mor de evitarlles sufrimentos ás criaturas. ¿Considera que este tipo de actuacións é correcta, ou a longo prazo, pode carrexar consecuencias non desexables?

O proceso de maduración persoal indúe facer fronte, progresivamente, ás dificultades e conflitos que produce, inevitablemente, a aventura de vivir. Evitarlles ós fillos as dificultades, as perdas, intentando protexelos da vida (sobreprotección) non os adestra para a súa solución e os fai máis dependentes e indefensos. "Hai que acompañalos fillos e fillas e axudalos a superar de forma apropiada os avatares vitais, pero sen facelo por eles/as".

Continuamente lemos na prensa casos de "violencia doméstica", de "aumento de violencia nas aulas", de "violencia como forma de expresión na adolescencia". ¿Observa a miúdo que a violencia se instala ocultando situacións dramáticas? ¿Que tipo de situacións?

Na violencia poden estar implicados factores individuais (biolóxicos-psicolóxicos),

familiares (interacción con grande expresión emocional ou abuso de diversos tipos) sociais (económicos, educativos, patróns familiares intolerantes ou agresivos, contexto sociocultural, crenzas...). Violencia sempre supón unha falta de respecto polo outro, e o intento de impoñerlle-los desexos propios sobre os lexítimos desexos dos outros, utilizando a forza, o medo, a ameaza, a superioridade que adoitan ser reflexo de situacións vividas, ignoradas ou alentadas no contorno próximo da persoa que sofre a violencia.

"Hai que acompañalos fillos e fillas e axudalos a superar de forma apropiada os avatares vitais, pero sen facelo por eles/as"

¿Como actúan as situacións de violencia na formación da autoestima, da autonomía persoal e en definitiva, da formación da personalidade?

As situacións de violencia crean medo, inseguridade, desconfianza nun mesmo, e nos outros (tanto máis graves canto máis próximas e importantes sexan para o neno, as persoas que o violentan). Transmiten a idea á vítima de desvalorización, de non ser respectada, e que só a submisión ou a mentira para aparentalo que non se é, é aceptable para os abusadores.

Nese escenario québrase a autoestima e a autonomía das vítimas, así como a interacción enriquecedora e construtiva co seu contorno. En ocasións, por complexos mecanismos psicolóxicos, de forma aparentemente paradoxal, prodúcese unha aprendizaxe e imitación das condutas violentas polas propias vítimas, que se poden converter en verdugos para outros (a quen consideren máis débiles reproducindo así unha espiral dramática).

A maqueta ferroviaria como recurso didáctico: do traballo tecnolóxico ó coñecemento da historia local

Juan Aguilar Madrazo
IES Píno Manso. O Porriño (Pontevedra)

Con esta experiencia pretendese unha aproximación práctica a diversos aspectos do coñecemento de materias da educación secundaria obrigatoria de tecnoloxía, xeografía, historia, da plástica, da arte, etc., a través do estudo da xénese, construción e impacto dunha liña do ferrocarril, como a de Ourense-Vigo (1881) no contorno do instituto, utilizando como soporte a construción dunha maqueta ferroviaria desta liña ó seu paso pola vila do Porriño.

Levou a cabo dentro dun marco de seminario permanente coa intervención de profesores e profesoras dos departamentos de Xeografía e Historia, Plástica e Visual e Tecnoloxía e contando coa participación de alumnos e alumnas de ESO ó longo do curso 2001-02.

O noso punto de partida foi a elección dunha realidade tanxible e próxima ó noso centro de ensino e que servira para incentivar-lo proceso ensino-aprendizaxe.

Este traballo desenvolveuse en tres fases: unha primeira consistente na *busca de fontes documentais*, hemerográficas, fotográficas etc., da construción e apertura da liña Ourense-Vigo que facilitaran a realización dunha monografía sobre este medio de transporte e o seu impacto na evolución histórica da zona e a construción da maqueta; unha segunda fase consistente no *procesamento da documentación*, para realiza-la monografía e maqueta, así como para realiza-lo estudo do impacto ambiental dunha liña do ferrocarril, e unha terceira fase consistente no *desenvolvemento* da experiencia en si mesma.

Na última fase abríronse dous campos de traballo converxentes; un *teórico-científico* e outro *lúdico-práctico* con abundante documentación.

No campo *teórico-científico*, abríronse os seguintes puntos de estudo:

- **Tecnolóxico.** Rede ferroviaria: evolución das locomotoras, os sistemas de control viario, tipos de enerxías empregadas, pontes, etc. Neste punto decidiuse principalmente ter en conta todos eses aspectos tecnolóxicos na realización da maqueta na que participou activamente o alumnado, recollendo a información e protagonizando a súa construción.



- **Histórico,** no que se estudiaban en profundidade a historia da liña ferroviaria Medina-Zamora e Ourense-Vigo (MZOV) e a súa importancia na comarca para o seu desenvolvemento industrial e económico.
- **Xeográfico** da zona, no marco da comunidade galega (xeografía humana, económica e física) para entender mellor as características propias da comarca e que a súa utilidade na aula fose práctica e permitise ó alumnado realizar determinadas tarefas relacionadas co tema; importancia do tren no crecemento *socioeconómico*.
- **Artístico.** Integración na paisaxe e impacto ambiental, resaltando a integración do trazado viario na paisaxe e os elementos arquitectónicos polo seu valor artístico.

Dentro dos contidos transversais

- Educación para o lecer: co alumnado traballáronse actividades que en si mesmas proporcionan satisfacción, ó mesmo tempo que supoñen unha iniciación a afeccións posteriores dentro dun traballo colaborativo.
- Educación para a igualdade dos sexos. Nestas actividades tanto nenas como nenos desenvolveron actuacións non consideradas tradicionalmente como do seu sexo participando comunitariamente.

- Educación ambiental: estudiouse o impacto ambiental que a chegada do ferrocarril tivo nesta zona tanto de xeito natural como social. Tráballose expresamente a contaminación por fumes e a acústica.
- Educación para o consumo: unha liña de transporte como esa tivo unha incidencia forte nesta comarca e neste campo, tanto polas mercadorias que traía, modificando o consumo como as que levaba a outros lugares.
- Educación vial: elaboráronse os sinais viais para a maqueta, facendo un estudo da normativa, tanto para os trens como para as persoas.
- Estado actual das instalacións, analizándose os planos e alzados topográficos e planos de plantas e alzados dos edificios.

Dende a transversalidade traballáronse contidos procedentes de diversas transversais aínda que mantendo no posible un tratamento integrado. De forma explícita podemos cita-lo traballado nalgunhas.

- *A educación ambiental:* o impacto que sobre o medio físico e social tivo o ferrocarril.
- *A educación para a igualdade,* xa que nenos e nenas comparten actividades tradicionalmente consideradas masculinas.

- A educación para o consumo: en dúas facianas, na que supuxo o intercambio de mercadorías que proporcionou o ferrocarril e o uso racional dos recursos para a realización da maqueta.
- A educación vial: xa que houbo que traballa-los sinais e normativas viarias dunha liña ferroviaria.

No campo *lúdico-práctico*, despois de observa-los diferentes planos acoutouse a zona que se ía representar na maqueta e que mellor se axeitara ás nosas posibilidades de espazo. Resultou se-la zona comprendida entre o paso a nivel e a ponte da antiga estrada de Madrid.

Esta maqueta foi realizada a unha escala de 1/87, alcanzando unhas dimensións de 7,50 m x 1,70 m e ambientada na época dos anos 60 para poder observar de xeito real o final da tracción vapor coexistindo cos inicios da tracción diesel.

Primeiramente montouse o chasis utilizando cabaletes como apoios e madeira contrachapada de plataforma. Despois pintouse sobre esta o plano para de seguido traballar na montaxe das edificacións máis salientables da zona e o tendido de vías, todo coa colaboración do alumnado como experiencia práctica da área de tecnoloxía. A montaxe do decorado de fondo, realizado en óleo sobre lenzo fíxose despois.

O traballo ampliouse ó veciño Portugal, analizando as diferencias máis salientables co fin de presentar ó alumnado unha óptica máis ampla das comunicacións ferroviarias e as necesidades de intercambios industrial, social, económico e cultural cos outros países. O propio desenvolvemento da investigación facilitaba este novo enfoque, xa que historicamente a propia liña foi ampliada a Portugal coa construción da ponte internacional de Tui.

A maqueta e todo o seu proceso de construción leva a:

- Crear hábitos de intercomunicación social.
- Integración escolar na interacción das comunicacións.
- Recoñece-lo contorno xeográfico para integración crítica na sociedade.
- Identifica-los cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno debido ás actividades industriais e tecnolóxicas.
- Acadar actitudes positivas que leven a un mellor entendemento entre as diferentes poboacións.
- Participar en actividades de grupo respectando os principios básicos de convivencia.

- Comprende-la importancia que tivo para o crecemento da comarca a presenza do ferrocarril como medio de transporte de persoas e mercadorías.
- Coñecer e valora-la arquitectura das diferentes construcións ferroviarias.
- Identifica-lo impacto ambiental que producen as grandes obras de enxeñaría.
- Propor unha sensibilización ante o reto da sociedade, ademais de conxugar progreso e respecto ó medio natural.

Dado que se pretende que o proxecto sexa dinámico e permita unha interrelación entre os diferentes ámbitos educativos, sociais e culturais, elaborouse a maqueta dende un punto de vista técnico, en diferentes seccións que facilite o seu transporte, para que xunto co resto do material elaborado (diferentes paneis ilustrativos onde se mostren os diferentes procesos de construción e secuencia histórica da liña de Ourense a Vigo así como as imaxes da participación do alumnado) poida ser exposto para o público en xeral.

A experiencia permitiu establecer mecanismos de colaboración entre diversas áreas; cuestión importante posto que na meirande parte dos casos as materias

funcionan como compartimentos estancos, non existindo interrelacións efectivas.

Dende o punto de vista dos alumnos e alumnas permitiulles unha aproximación distinta ó saber, construíndo o seu propio coñecemento a partir da investigación e experimentación. Esta aproximación ó coñecemento produciuse dun xeito atractivo, posto que a maqueta serviu para esperta-lo interese por cuestións históricas, xeográficas, económicas, tecnolóxicas, etc; ademais permitiunos unha mellor relación entre o profesorado e o alumnado, ó ofertarse un tipo de traballo no que o coñecemento e a súa posta en práctica parte en gran parte do propio interese do alumno ou alumna.

Dada a gran acollida desta proposta de traballo por parte do alumnado, sobre todo por aqueles que presentaban notables dificultades de aprendizaxe e problemas de adaptación e conducta (o que demostra que o proxecto estaba "vivo"), témo-la intención de amplia-la experiencia en próximos cursos, sempre tentando inseri-lo saber no medio ou contorno do/a alumno/a dun xeito atractivo pero sen perder (nun senso de *renovación pedagóxica*) o rigor científico, ademais de fuxir dunha concepción educativa ríxida e inmovilista.

